

Ás 2.10 horas de hoxe declarouse un incendio na Planta de Cru 2 da Refinería da Coruña durante a preparación duns traballos de mantemento. Os equipos de emerxencia da propia instalación, que actuaron de inmediato, sufocaron o incendio ás 2.45 horas.

Como consecuencia do incendio, resultou ferida unha traballadora, que foi atendida polo servizo médico da Refinería e, posteriormente, trasladada ao Complexo Hospitalario da Coruña, onde permanece ingresada.

A compañía lamenta o sucedido e espera a pronta recuperación da ferida.

Como parte do protocolo, abriuse unha investigación interna para aclarar as causas do accidente.